

BASES XERAIS DE ADMISIÓN NO CURSO DE FORMACIÓN “CURSO DE APROVEITAMENTOS FORESTAIS E NON FORESTAIS NA SERRA DO BARBANZA”

1 PERSOAS DESTINATARIAS

Mulleres vencelladas ao medio rural e secundariamente a calquera persoa interesada no sector forestal.

2 SOLICITUDES

As solicitudes de este curso de formación, segundo o modelo de ficha que se anexa, dirixiranse ao presidente da Mancomunidade de Municipios Arousa Norte e presentaranse mediante algún destes medios:

- Rexistro da Mancomunidade de Municipios Arousa Norte (Praza de Galicia, 2º andar- Casa do Concello de Boiro), de luns a venres en horario de 9.00 a 13.30 h.
- Por correo electrónico (correo@arousa-norte.es) . Entenderase asinada a ficha no momento do envío por correo electrónico.
- Por correo postal certificado.

Non se admitirán as solicitudes que non teñan cubertos todos os seus apartados.

O prazo para presentar as solicitudes rematará o **1 de abril de 2013 ás 13.30 h.** O prazo poderase ampliar para a 2ª, 3ª e 4ª edición do curso, sempre que houbera prazas dispoñibles.

A falsidade ou ocultación de datos esenciais para a selección de participantes dará lugar a exclusión automática do programa formativo.

Para calquera dúbida en relación a este programa formativo poden poñerse en contacto coa Mancomunidade de Municipios no teléfono 981 845 236 ou por correo electrónico (correo@arousa-norte.es) .

Para poder asistir como alumno/a deberán de **presentar a seguinte documentación** xunto coa solicitude de inscrición (a documentación debe estar vixente):

- a. Para nacionais: Fotocopia do DNI, pasaporte ou permiso de condución ou no seu lugar, acreditación de extravío ou subtracción do DNI.
- b. Para estranxeiros: Fotocopia de NIE, TIE ,pasaporte ou permiso de residencia que acredite a súa nacionalidade .

3 SELECCIÓN DE PARTICIPANTES

Os participantes para o programa formativo seleccionaranse seguindo os seguintes criterios:

1. Mulleres (5 puntos)
2. Residir en calquera os concellos de Arousa Norte (Riveira, A Pobra do Caramiñal, Rianxo e Boiro) (3 puntos)
3. Por orde de inscrición

Antes do inicio do programa formativo publicarase o listado das persoas inicialmente admitidas no blog de emprego da Mancomunidade Arousa Norte (<http://arousanortemprego.wordpress.com>)

4 REXIMEN DE ASISTENCIA E CERTIFICADOS

A expedición de certificados de asistencia supeditase á acreditación dunha presenza mínima do 80% das horas do curso de formación.

As persoas admitidas que por calquera circunstancia sobrevida non poidan asistir, deben renunciar mediante un escrito remitido á Mancomunidade de Municipios Arousa Norte.

As persoas interesadas en recibir un certificado de asistencia solicitarano á Mancomunidade de Municipios Arousa Norte por correo electrónico (correo@arousa-norte.es) ou por escrito, podéndoos recoller nas oficinas da Mancomunidade en horario laboral.

ANEXO . CURSO: “APROVEITAMENTOS FORESTAIS E NON FORESTAIS NA SERRA DO BARBANZA”

Núm. horas	Prazas/ edición	Núm. de edicións
40 h	20	4

1 OBXECTIVOS

- Divulgar a situación pasada e actual do monte galego.
- Coñecer os aproveitamentos forestais e non forestais.
- Potenciar o emprendemento da muller en igualdade de oportunidades no eido forestal e ambiental.
- Establecer canles con outros/as axentes implicados no eido forestal e medioambiental.
- Promover a sensibilización, a implicación e o compromiso da sociedade respecto ao monte galego e a loita contra os incendios forestais.
- Fomentar a posta en valor dos recursos do monte dende o punto de vista da conservación das especies protexidas.
- Promover a multifuncionalidade do monte.
- Divulgar os valores cooperativos adaptados ao sector forestal.

2 CONTIDOS

Módulo 1. Conservación e aproveitamentos forestais e non forestais (30 horas)

- Xestión sostible de masas forestais (desbroce, preparación do terreo, plantación, fertilización, coidados complementarios, podas, claras e clareos)
- Certificación de explotacións forestais (FSC e PEFC)
- Aproveitamentos multifuncionais das masas forestais (cogomelos, silvopastoreo, pequenos froitos do bosque , mel e produtos apícolas, recurso cinexéticos, plantas medicinais e aromáticas)
- Conservación do medio natural (espazos naturais protexidos...)

- Cartografía e interpretación de mapas
- Lexislación forestal e ambiental

Módulo 2. Oportunidades de negocio no sector forestal (5 horas)

- Análise do sector forestal galego, nacional e internacional
- Diversificación dos usos do monte en Galicia
- Retos do monte galego

Módulo 3. O cooperativismo, fórmula de emprendemento no sector forestal (5 horas)

- Principios cooperativos
- Tipoloxía de cooperativas
- Tipos de persoas sociais e réxime legal
- A organización social e empresarial nas cooperativas
- Réxime económico e fiscal.
- Experiencias cooperativas no Barbanza.

3 PRAZAS

O número de prazas para este curso é de 20 alumnos/as por edición.

4 DATAS, HORARIOS E EDICIÓNS DO CURSO

Núm. de edición	Sede	Datas/ horario
1	Aula Activa do Mar Santiago Gallego Picard Mestres, sn - Rianxo	8,,9,15,16,22,23,29 e 30 de abril Horario: de 15.30 a 20.30 h
2	Centro Social de Boiro C/ Principal, Boiro	11,12,18,19,25,26 de abril e 2,3 de maio Horario: de 4.00 a 21.00 h
3	Centro periurbano de San Roque Parque de San Roque- Carreira ,Riveira	6,7,13,14,20,21,27 e 28 de maio Horario: de 15.30 a 20.30 h
4	A Pobra do Caramiñal	9,10,23,24,30,31 de maio e 6,7 de xuño Horario: de 15.30 a 20.30 h

Boiro, 13 de marzo de 2013